

## 4ª Edición

### Premio Literario - Nortear Mocidade Escritora Norte de Portugal - Galicia

#### REGULAMENTO

##### **Art.º 1**

##### **Obxecto**

1. O premio literario Nortear - Novos Escritores Norte de Portugal - Galicia é unha iniciativa conxunta da Dirección Regional de Cultura do Norte (Portugal), da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia (España) e da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal.
2. O premio ten como obxectivos:
  - a) Promover a aparición de novos escritores;
  - b) Incentivar a produción de obras inéditas no ámbito da ficción;
  - c) Incentivar a creatividade literaria entre os novos escritores residentes na eurorrexión Galicia - Norte de Portugal;
  - d) Destacar, anualmente, obras literarias orixinais;
  - e) Promover a circulación e distribución de obras literarias mais aló das fronteiras.

##### **Art.º 2**

##### **Candidatos**

Poden participar no premio Nortear todas as persoas con plena capacidade xurídica, nados e/ou empadroados na Rexión Norte de Portugal ou en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos.

##### **Art.º 3**

##### **Modalidade**

1. O premio literario versará sobre o xénero de relato curto.
2. Aceptaranse obras orixinais e inéditas, escritas en lingua portuguesa, segundo o novo acordo ortográfico, e en lingua galega, segundo a normativa ortográfica vixente publicada pola Real Academia Galega.

#### **Art.º 4**

##### **Premio**

1. O premio terá unha dotación económica de dous mil euros (1.000€ por parte da Secretaría Xeral de Cultura e 1000€ por parte da Dirección Regional de Cultura do Norte) para o/a gañador/a. Esta cantidade estará suxeita á retención á conta dos impostos que correspondan (IRPF...)
2. As entidades promotoras comprométese ademais a asumir o custo da publicación dun mínimo de 500 exemplares da obra premiada, en edición bilingüe, portugués e galego, con editoras no Norte de Portugal e/ou de Galicia.
3. Os promotores ademais realizarán accións de divulgación das obras premiadas, mediante actuacións de lanzamento programadas en equipamentos culturais de Galicia e do Norte de Portugal.

#### **Art.º 5**

##### **Lugar e prazo de entrega**

1. As obras participantes deben ser enviadas, por correo postal, a:

Agrupación Europea de cooperación Territorial Galicia - Norte de Portugal  
Edificio CETMAR,  
Rúa Eduardo Cabello, s/n  
36208 BOUZAS - VIGO  
[arodrigues@gnpaect.eu](mailto:arodrigues@gnpaect.eu)

2. Serán admitidas a concurso todas as obras presentadas ata o 30 de abril de 2018 (inclusive), no enderezo indicado no parágrafo 1º deste artigo, ben a través do Servizo de correos, acreditado na forma que se establece regulamentariamente ou por calquer outro medio admitido en dereito no que quede constancia de maneira fidedigna da data de entrada no prazo establecido.
3. No sobre farán constar:

Premio Literario - Nortear  
Novos Escritores  
Norte de Portugal - Galicia

## **Art.º 6**

### **Presentación das obras**

1. As obras deben ser inéditas e presentadas nunha copia en papel, en formato A4, e deben estar tamén acompañadas dun exemplar en formato dixital (Word, Pdf, Open Office ou formato aberto) entregado nun CD ou dispositivo de almacenamento de datos (pendrive ou similar).
2. As obras concorrentes teñen que ser asinadas baixo un pseudónimo do/a autor/a.
3. As obras presentadas teñen que vir acompañadas dun sobre pechado, identificado co título da obra e o pseudónimo do autor (coincidente co pseudónimo utilizado nas copias da obra) coa seguinte información:
  - a) Identificación do concorrente: nome completo; identificación fiscal; enderezo completo (envío de declaración de enderezo de residencia do participante no Norte de Portugal ou Galicia); enderezo de correo electrónico, e un teléfono de contacto.
  - b) Declaración asinada polo/a participante mencionando/a de que a obra presentada ao concurso é orixinal e inédita, onde conste que é o/a titular de todos os dereitos de explotación da obra a concurso, sen excepción, así como de que estes dereitos non se atopan cedidos, baixo ningunha condición, e onde se asegure que non coñece, na data de presentación da obra ao concurso, ningunha acción ou reclamación de terceiros que poña en causa a autoría respecto dela. A non inclusión de dita declaración será motivo para que se exclúa automaticamente, considerarase non remitida e non presentada e destruírase.
  - c) Autorización asinada para a publicación da obra.
4. Cada candidato non poderá presentar máis de dúas obras ao concurso.

## **Art.º 7**

### **Características dos orixinais**

O tipo de letra e as entreliñas utilizadas deben facilitar a lectura aos membros do xurado, polo que o formato das obras a concurso debe seguir as seguintes indicacións:

- a) Ser presentadas en texto impreso, en formato A4, paxinado e procesado a espazo 1.5, letra tipo times new roman, tamaño 12.
- b) O orixinal debe ter como límite mínimo 5.000 palabras e como máximo 8.000.
- c) Incluír, na portada, o título da obra e o pseudónimo do seu autor.
- d) As obras presentadas que non reúnan os requisitos anteriores non serán admitidas ao concurso.

#### **Art.º 8**

##### **Composición do xurado**

1. O xurado que se designe estará constituído por cinco membros, seleccionados entre representantes das entidades promotoras e personalidades do mundo literario portugués e galego.
2. A decisión do xurado será inapelable.

#### **Art.º 9**

##### **Deliberacións do xurado**

1. O xurado deliberará con total independencia e con plena liberdade de criterio, por maioría de votos dos seus membros.
2. O xurado outorgaralle o premio á obra que considere de maior mérito literario. A devandita elección debe estar ben fundamentada.
3. Haberá unha única obra premiada.
4. O xurado pode considerar o premio Nortear deserto.

#### **Art.º 10**

##### **Dereitos de explotación**

1. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación, difusión e comunicación pública da primeira edición en galego e portugués de ata un mínimo de 500 exemplares do texto gañador. Estes dereitos corresponderanlle ás entidades convocadoras.
2. O relato premiado será publicado pola editorial/editoriais que decidan as entidades convocadoras.
3. As entidades convocadoras poderán publicar a obra premiada (ou outra obra a concurso) noutros formatos, tales como nas súas páxinas web, e inclusive utilízala en actividades propias de divulgación.
4. En todas as edicións que se realicen farase constar o nome de premio Nortear.

#### **Art.º 11**

##### **Entrega do premio**

1. A entrega do premio, que terá lugar nun acto público, realizarase alternativamente en Galicia e na Rexión Norte de Portugal.
2. De non ser por razóns devidamente xustificadas, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

#### **Art.º 12**

##### **Devolución dos orixinais**

1. Os orixinais, en formato dixital, poderán ser recollidos na Sede da GNP, AECT, sempre que os/as autores/as así o soliciten por escrito no prazo máximo de dous (2) meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado.
2. Os orixinais presentados e non premiados poderán ser destruídos.

#### **Art.º 13**

##### **Protección de datos persoais**

1. Os datos achegados polos participantes no premio incorporaranse a un ficheiro automatizado titularidade das Administracións convocadoras, cuxo tratamento estará suxeito á Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e á súa normativa de desenvolvemento, coa finalidade de utilizarse para a realización de cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do premio, incluída a selección do gañador, a publicación da listaxe do gañador e a posterior entrega do premio a este.
2. Os participantes terán o dereito de acceder a este ficheiro e rectificar, cancelar e/ou opoñerse ao tratamento dos seus datos. Neste caso, deberán comunicalo expresamente, para o que enviarán unha comunicación escrita ao devandito enderezo.

#### **Art.º 14**

##### **Difusión**

Os/as participantes autorizan expresamente e con carácter indefinido a que as entidades convocadoras poidan facer difusión, en calquera medio de comunicación interno e/ou externo que estimen oportuno, dos seus datos persoais, consistentes no seu nome e apelidos, como gañador/a do premio, coa exclusiva finalidade de asegurar a divulgación por calquera medio e coñecemento da realización e ditame do premio, sen que iso xere dereito de pagamento e/ou indemnización ningunha en prol dos/as participantes.

#### **Art.º 15**

##### **Disposicións finais**

1. A presentación de obras ao premio implica a aceptación destas bases do regulamento.
2. Nos aspectos non incluídos nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderalles ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán o ditame, que será inapelable.